

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 3
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga



3




Proba A1

Vostede estuda unha materia titulada Historia de Galicia e ten que entregar un traballo sobre algún tema relacionado co proceso de industrialización nesta comunidade. Logo de ver esta reportaxe, decide basearse nela para facer o traballo. No seu **texto**, de **300 palabras**, vostede debe:

- Explicar quen foi Xosé Barreras Massó e de que xeito contribuíu ao desenvolvemento industrial de Galicia.
- Comentar cal era o panorama económico daquela época (lugares, actividades económicas relevantes e oferta de emprego).
- Comparar as condicións laborais dos obreiros de principios do século XX coa dos traballadores da actualidade.
- Xustificar a escolla do tema.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

Proba A2

Vostede colabora na organización dunha feira turística e, despois de ver na prensa a noticia que aparece a continuación, propónlle á súa xefa convidar a empresa Iuvenor Lab para presentar a liña de produtos Aqua Auriensis. Á súa xefa gústalle a idea, pero precisa máis información e pídelle que redacte un **informe**. No escrito, de **300 palabras**, vostede debe:

- Presentar a iniciativa do laboratorio e explicar de que xeito pode ser positiva para a feira a súa contribución.
- Expoñer a finalidade que se persegue coa colaboración entre o padroado e a empresa.
- Especificar as particularidades dos produtos Aqua Auriensis con respecto a outros cosméticos que hai no mercado.
- Propoñer e describir unha actividade relacionada con estes produtos que podería desenvolver na feira esta empresa.

A COSMÉTICA QUE NACE DA TERRA

Unha empresa galega crea, para o Padroado de Turismo de Ourense, produtos de beleza elaborados con auga termal da serra do Xurés e arxila que contén ouro.

REPORTAXE
Ruth Nóvoa

«Dentro do termalismo é onde a cosmética se manifesta como algo máis real». Di Juan Velasco, xerente de Iuvenor Lab, a empresa á que recorreu o Padroado de Turismo de Ourense para facerlles un *lifting* aos *souvenirs* da provincia. O laboratorio, que se puxo en marcha no Carballeiro en 2008 e que conta cunha matriz en Ancona (Italia), creou a liña Aqua Auriensis. Os responsables da promoción turística da provincia poñen a filosofía: aproveitar o legado dos romanos, que xa gozaron das augas termais e explotaron os xacementos de ouro de Ourense. O laboratorio achega algo así como a alquimia: selecciona os ingredientes e transfórmaos nun cosmético para mulleres.

Os produtos Aqua Auriensis son un vaporizador e unha crema facial. En ambos os dous casos, a fórmula inclúe auga termal que xorde espontaneamente a 77,1 graos de temperatura nas ladeiras do parque natural do Xurés, que é reserva da biosfera. «Trátase dunha auga fósil, con 20.000 anos de antigüidade. É mineromedicinal, brota a alta temperatura e ten uns compoñentes especiais que fan que sexa rexeneradora e moi hidratante», explican desde o laboratorio.

A crema, pola súa banda, ademais do tesouro líquido que brota do chan dun dos parques naturais da provincia, incorpora arxilas auríferas, tamén froito da terra ourensá. «É un composto que facilita a absorción doutros ingredientes. Arxila con ouro que pasa por un desenvolvemento de laboratorio», explica Juan Velasco. E é que, ademais da ilusión que lle achega a un cosmético o feito de conter este compoñente precioso -aínda que neste caso non se traduza en brillos na pel- están os beneficios. Explicao, dunha forma máis técnica, o responsable do laboratorio: «É un activo composto pola fusión dun péptido sintético, cun marcado efecto favorecedor da síntese de coláxeno, con nanopartículas de ouro que fan de vehículo para a súa liberación, focalizando así unha alta concentración deste e facéndoo, ao tempo, máis estable».

O Inorde, organismo do que depende o Padroado de Turismo de Ourense, ten previsto adxudicar, en pouco tempo, a comercialización. Superado este trámite, a beleza que nace do subsolo comercializarase en tendas especializadas, balnearios ou farmacias para, a través do coidado persoal, atraer novos turistas e fidelizar os que xa coñecen a provincia.



O laboratorio que creou a crema con auga do Xurés e arxila aurífera fabrica para hoteis e balnearios


Do coidado facial á promoción da provincia de interior



A liña Aqua Auriensis inclúe unha crema e un vaporizador

Ourense é auga e ouro. A primeira circula, enriquecida, baixo a terra. O segundo forma parte da provincia etimolóxica e historicamente. Por iso, e por tratarse de dous produtos con propiedades beneficiosas para a pel, escolléronse para desenvolver a crema facial e o difusor termal *made in* Ourense. O laboratorio encargado de crear os cosméticos fabrica ata catro mil referencias (desde produtos capilares a xeles de baño pasando por cremas faciais e corporais) para setenta clientes diferentes, entre os que se atopan grupos hostaleiros, perfumerías ou balnearios de Galicia, pero tamén do resto de España e ata de México e dos Estados Unidos. Producen todo tipo de cosméticos aínda que, por unha cuestión de filosofía, intentan centrarse nos produtos máis próximos aos naturais, mesmo ecolóxicos. Iso inclúe traballar con algas -algo xa estendido no sector- pero tamén cun produto de efecto antioxidante como o toxo. E é só un exemplo.

Texto adaptado de *La Voz de Galicia*



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

Empty rectangular box for writing the A2 test response.